PROPOSTAS DO BNG PARA A HOSTALERÍA

As últimas medidas, que o goberno galego tomou o pasado mes para loitar contra a COVID -peche perimetral do noso concello e peche do interior dos locais de hostalería e modificacións de horarios-, veñen acrecentar de xeito alarmante os problemas a que están facendo fronte o sector da hostalería e o turismo. Seguen asumindo pagamentos (alugueiros, recibos de autónomos, materias primas, seguros...) ao tempo que ven reducidos ao extremo os seus ingresos ou mesmo desaparecen e observan como as axudas seguen sen chegar. A situación de moitos destes empresarios/as, na maior parte persoas autónomas e pequenos/as empresarios/as, é límite.



É necesario que os distintos gobernos (municipal, galego e central) leven adiante políticas en beneficio destes sectores, para que baixen os gastos fixos de mantemento destes negocios. Unhas medidas que compensen os peches encubertos e que impidan que eses peches se transformen en definitivo

A Xunta de Galiza -a administración que ten as competencias en materia económica- renunciou a liderar un proceso para acadar un acordo entre os concellos, a Deputación e a Xunta para a elaboración dun plan de rescate. O BNG fixo unha proposta clara e contundente para dar resposta inmediata aos sectores económicos afogados como consecuencia da pandemia: **plan de rescate con axudas á alemá, que compensen o 70% das perdas**, e un plan de axudas negociado entre a Xunta, Concellos e Deputacións nos que as tres administracións fagan o mesmo esforzo orzamentario.

Esta proposta fíxose co convencemento da necesidade de dar unha resposta áxil e rápida a uns sectores que xa non pode agardar máis, e que só cun gran acordo entre as administracións e forzas políticas podería facer fronte á dramática situación económica que a sociedade galega afronta.

No concello de Betanzos, desde o BNG, trasladamos ao Pleno do pasado mes de xaneiro a petición de que **se axilice a resolución e o cobro de todas as axudas aos sectores do comercio, a hostelaría e os servizos** que aínda se están tramitando desde o primeiro confinamento, hai case un ano. Pasou outro mes e as axudas seguen sen chegar, deixando a hostalería de Betanzos nunha situación de completo abandono.

O goberno do Estado español pode e debe tomar tamén medidas de apoio a un sector que está nunha situación dramática na medida das súas competencias. Polo tanto, no BNG temos claro que é imprescindíbel altura de miras para acadar os acordos políticos e inter-administrativos imprescindíbeis e urxentes para que a sociedade galega poda superar a grave situación

económica e social derivada da pandemia. **A dramática situación que atravesamos esixe deixar de lado posicións partidarias curtopracistas, e dedicar todas as enerxías a traballar por conseguir un acordo en todos os ámbitos, e con ese ánimo presentamos esta proposta.**

PROPOSTAS

- Reclamar ao goberno local que **resolva e abone de inmediato as axudas á hostalería**, comercio e autónomos que se aprobaron despois do primeiro confinamento pola pandemia do COVID, na primavera de 2020.

- Esixir ao goberno local que habilite **unha nova liña de axudas**, en colaboración coas Deputacións e a Xunta, ou en solitario, para evitar o peche definitivo de moitos dos negocios que están sufrindo con toda a dureza as consecuencias da crise económica que deriva da crise sanitaria da pandemia provocada polo COVID.

- Solicitar ao goberno local que **renuncie ás subidas de taxas, como a da auga** que levou xa a Pleno, xa que repercutirían directamente en dificultar aínda máis a situación destes negocios.

- Pedir que a Xunta de Galiza, que é a administración competente en materia económica, active un **Plan de Rescate para a hostalería e o turismo que cubra o 70% das perdas polas restricións da pandemia** e compatíbel con calquera outra axuda pública.

- Instar ao goberno do **Estado español a abrir unha liña de axudas directas** específica para o sector da hostalaría e negocios directamente asociados e dependentes do sector, que sexa compatíbel con calquera outra axuda ou medida de fomento outorgada dende as administracións públicas.

- Reclamar que o goberno do Estado español **exonere do pago das cotas de seguridade social aos autónomos do sector da hostalaría** afectados polas restricións totais ou parciais de actividade e exonerar tamén do pago as cotas empresariais á Seguridade Social correspondente ao tempo do peche para aqueles autónomos do sector gravemente afectados pola necesidade de adoptar restricións de actividade. **Ampliar até os 3 anos o período de carencia dos créditos ICO**.

- Pedir que o goberno do Estado español **rebaixe a un 4% o IVE da enerxía eléctrica** en lugar do 10% ou o 21% que lle ven aplicando. Isto serviría como unha axuda directa para facilitar o pagamento da subministración nun momento de redución dos ingresos pola situación xerada pola pandemia de COVID-19. Garantir a ausencia de cortes de subministro motivados por impago